

CHEGOU O MOMENTO DE REPARTIR MELLOR A RIQUEZA XERADA

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, mantivo un encontro cos medios de comunicación para analizar a situación económica e social de España, e situar as prioridades do sindicato para 2026.

Pepe Álvarez iniciou a súa intervención mostrando a súa preocupación pola situación internacional xerada. Entre outras cousas, incidiu na política exterior de EEUU, que se converteu “no elemento de desestabilización máis importante da política internacional”.

Nese sentido, criticou os incumprimentos do dereito internacional coa acción militar de Donald Trump en Venezuela, “que en ningún caso busca salvagardar os dereitos das persoas, senón o acceso ilimitado aos recursos, pasando por encima dos intereses da inmensa maioría dos cidadáns de EEUU e doutros países, entre os que xa mencionou Colombia, México, Canadá ou Groenlandia”.

O secretario xeral de UGT mostrou a súa preocupación ante un contexto internacional inestable, no que “parece que Trump e Putin puxéronse de acordo para repartirse o mundo, e teremos que ver a reacción de China”. Para Álvarez, fronte a esta situación, “necesitamos máis Europa, unha Europa reforzada desde o punto de vista da autonomía estratéxica, cunha industria capaz de defender os intereses dos europeos e facer fronte aos retos e eventuais agresións que se poidan producir. Unha Europa que dea pasos cara á integración fiscal e que afiance os seus valores tradicionais”, engadiu.

Nesta situación adversa, Álvarez destacou que “España crece e xera riqueza, fundamentalmente polas políticas económicas que se foron desenvolvendo. A subida do SMI, as pensións -especialmente as máis baixas- ou a reforma laboral, son algúns dos elementos que xeraron estas bases, xunto cos fondos da UE que nos permitiron avanzar nas reformas tras a



pandemia”.

Aumentar salarios e reforzar o Estado de Benestar

“Con todo”, advertiu, “ese crecemento non chega á maioría da cidadanía”. Álvarez sinalou que “a economía española crece para uns poucos e hai unha maioría social que necesita que se reparta o crecemento a través dos salarios, pero tamén a través dos impostos e as políticas sociais porque, en moitos casos, as persoas deben facer fronte co seu salario ás deficiencias do sistema público de saúde ou á crise da vivenda”.

En relación coa crise habitacional, indicou que “este país debe cambiar o chip, porque a vivenda é un ben público de uso privado”. Para o secretario xeral de UGT, a solución pasa por tomar medidas que non serán fáciles, co fin de “acabar coa especulación, a acumulación de vivenda, os fondos voitre, que as CCAA liberen chan e constrúase vivenda alcanzable no noso país. Iso require unha política estatal, pero cunha implicación responsable das administracións”, destacou.

Potenciar a negociación colectiva

Doutra banda, Álvarez considerou fundamental “avanzar na negociación colectiva e reforzar tanto a interlocución entre empresarios e sindicatos como a lexislación nesta materia, cunha Lei de Negociación Colectiva que permita negociar nunha situación de correlación de forzas adecuadas dos convenios colectivos, para chegar a todo o mundo e prover un financiamento que, ata o de agora, están a soportar os afiliados e afiliadas dos sindicatos”.

Tamén incidiu nos beneficios da reforma laboral, que “xerou emprego máis estable e máis contratos indefinidos”. Álvarez aproveitou “para lembrar ao Ministerio de Traballo que ten pendente desde hai un ano cumprir coa obriga de avaliar o seu impacto, para ver se se poden incorporar novas medidas que melloren o sistema de relacións laborais”.

O secretario xeral de UGT subliñou ademais que a redución da xornada laboral a 37 horas e media, o control do rexistro horario, a reforma do despedimento ou a aprobación urxente dunha nova Lei de Prevención de Riscos Laborais van continuar sendo unha prioridade para o sindicato en 2026, así como facer fronte aos falsos debates sobre o absentismo ou o falso dilema entre salarios e produtividade.

UGT-GALICIA SAÚDA A BOA MARCHA DO EMPREGO NO 2025 AÍNDA QUE CHAMA A NON BAIXAR A GARDA

Os datos de decembro en Galicia amosan incremento do paro e baixada da afiliación, contrariamente ao que sucede no resto do Estado

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social correspondentes ao mes de decembro, publicados esta semana, mostran en Galicia unha baixada da afiliación e unha suba do desemprego, tendencia contraria á rexistrada no resto do Estado. Así, medra en Galicia no mes o desemprego nun 0,41%, fronte á baixada do 0,7% do Estado. Unha análise pormenorizada evidencia que o desemprego incrementábase en todas as provincias, excepto en Ourense. As estatísticas indican que en Galicia no sector servizos sube o paro ao contrario que no Estado, polo que na nosa comunidade non se consegue compensar a suba de industria e construción, como si sucede no resto do país.

Isto, sumado á cifra de contratación indefinida, que foi do 26%, fronte ao 37% estatal, está a amosar un mercado laboral en Galicia menos dinámico que

no resto do Estado. Polo que dende UGT-Galicia urximos á Xunta a que poña a andar políticas activas de emprego que sexan áxiles e eficientes para evitar que nos descolguemos da tendencia do resto do Estado.

Se ben é certo que continuamos en mínimos de desemprego e que a contratación indefinida segue a estar aínda por enriba dos 10 puntos de antes da reforma laboral, hai que adoptar medidas para seguir mellorando o mercado laboral galego tanto para garantir o acceso ao emprego como a súa calidade.

En definitiva, dende UGT-Galicia se-



guirase traballando por máis e mellor emprego, salarios dignos, redución efectiva do paro de longa duración, por xornadas laborais máis equilibradas e un marco de relacións laborais que garanta plenamente os dereitos e a dignidade das persoas traballadoras.

NOVA XORNADA DE FOLGA E MOBILIZACIÓNS DO SECTOR DO COMERCIO TÉXTIL DA PROVINCIA DA CORUÑA CONTRA AS PRETENSÍONS DA PATRONAL ARTE DE IMPOÑER UN CONVENIO QUE MINGUA AS CONDICIÓNS LABORAIS

Redacción.- Este mércores as traballadoras e traballadores do comercio téxtil da provincia da Coruña protagonizaron unha nova xornada de folga e mobilizáronse contra as pretensións da patronal ARTE (integrada polas grandes empresas do sector como Inditex, Mango, H&M, Primark, Cortefiel, etc.) de impoñer un convenio de ámbito estatal que minguaría as condicións laborais do sector que a día de hoxe están recollidas no convenio provincial de comercio vario.

A folga, como explicou Sheila Canzobre (UGT), afecta ao persoal do comercio téxtil das grandes compañías que están implicadas na negociación en Madrid: todas as tendas do grupo Inditex, Mango, H&M, Primark, Bimba&Lola, Tezenis, grupo Tendam (Cortefiel, Women'secret, Springfield), Sport Zone, Kiabi, Mayoral ou Punto Roma, entre outras.

A plataforma estatal representa unha "marcha atrás" nas condicións económicas e laborais do persoal ao



impoñer salarios máis baixos (entre 2.000 e 3.000 euros anuais menos), eliminar calquera concepto retributivo ligado á antigüidade e á permanencia, reducir as licencias, suprimir a voluntariedade do traballo nos domingos e festivos, introducir maior flexibilización nos calendarios e horarios e recortar incluso o complemento que se percibe nas situacións de incapacidade temporal.

A pretensión é que, a medida que vaian vencendo os convenios provinciais, o marco regulador de aplicación sexa este novo convenio estatal. Neste momento existen convenios coas negociacións bloqueadas e, no caso concreto da provincia da Coruña, o convenio de comercio vario (polo que tamén se regula o pequeno comercio, que non está afectado pola folga) venceu a 31 de decembro de 2025.

HOXE O SECTOR DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA MANIFÉSTASE EN SANTIAGO

Se o inmovilismo da patronal non cambia, haberá folga os días 12, 13, 16, 19, 20 e 23 de xaneiro, que pasaría a indefinida a partir do 2 de febreiro

Redacción. - O sector do transporte por estrada de viaxeiros da provincia da Coruña retoma hoxe as mobilizacións, tras as xornadas de folga do mes de decembro, cunha manifestación que sairá ás 11.00 horas da Intermodal de Santiago e que rematará fronte ao Parlamento galego.

Dende o sector reclámase un convenio digno, levan catro anos cun convenio paralizado coa complicidade da Xunta, a pesar de que se está a falar dun servizo esencial básico e dun dos piares da mobilidade desta Comunidade.

Os traballadores e traballadoras do sector esixen, ademais dun incremento salarial que garanta o seu poder adquisitivo, unha redución da xornada que permita unha conciliación real da vida profesional e a persoal.

E, para garantir isto, ademais de reducir a xornada, demándase unha reordenación da mesma, que sexa coherente e que permita a demandada conciliación.

Tamén se pide unha actualización dos permisos retribuídos e días de asuntos propios.

Outra das demandas que se establece de cara á negociación é a necesidade de acometer a xubilación parcial para o sector e que este sexa tratado como un servizo público. A mellora das condicións laborais é necesaria, como apunta Iván Cancela (FeSMC-UGT), para garantir o relevo xeneracional que xa esá aí e está a converterse nun gran problema poque se á xente moza non lle ofrece unhas condicións laborais dignas non conseguirás atraela cara o sector.

De continuar a cerrazón da patronal, dende o sector anúnciase que haberá folga os días 12, 13, 16, 19, 20 e 23 de xaneiro. E que a folga podería converterse en indefinida a partir do 2 de febreiro se non se lle da unha sa-



ída xusta ao conflito.

OS VIXIANTES DE SEGURIDADE DO SERGAS ESIXEN MEDIDAS URGENTES

Mobilizáronse este mércores fronte á sede do Sergas en Santiago

Redacción. UGT esixe á Consellería de Sanidade e ao SERGAS que adopten medidas inmediatas, reais e efectivas para os vixiantes de seguridade das instalacións sanitarias públicas galegas.

Para UGT, as agresións, como a que se produciu o pasado mes de decembro en Oza, na Coruña, son a consecuencia directa da falta de decisións e de avances efectivos por parte da administración sanitaria, a pesar de que a situación fora advertida previamente.

UGT lembra que existiron reunións previas coa Consellería de Sanidade co obxectivo expreso de tentar activar un proceso de negociación sobre a seguridade nos centros sanitarios e as condicións nas que se presta o servizo de vixilancia na rede SERGAS.

A pesar deses encontros, devandito proceso quedou en paréntese, sen calendario, sen concreción e sen medidas aplicadas. Ante esta situación de bloqueo, e coa vontade expresa de reactivar as negociacións, UGT e USO rexistraron formalmente en outubro de 2025 varios escritos ante a propia Consellería de Sanidade, trasladando novamente as propostas xa expostas e solicitando retomar o diálogo de maneira efectiva.

Neses escritos, reclamaban, entre outras cuestións, a revisión e actualización dos protocolos de actuación ante pacientes agresivos; a dotación de medios de autoprotección adecuados para os vixiantes de seguridade; unha mellor coordinación entre seguridade privada e persoal sanitario; criterios homoxéneos en toda a rede SERGAS, evitando diferenzas entre centros; e a apertura dun marco de negociación sobre condicións laborais e retributivas, xunto a outras melloras substanciais na organización do servizo.

A día de hoxe, non se produciron avances reais, salvo a posibilidade de estudar unha fórmula de protección xurídica para o persoal, unha cuestión que segue pendente de clarificar, sen concreción, sen calendario e sen garantías de aplicación.

Mentres tanto, non se adoptaron medidas efectivas en materia de medios, protocolos, reforzo de cadros de persoal nin melloras substanciais, manténdose a mesma situación de risco.

UGT insiste en que non se pode falar de seguridade sen abordar as condicións labo-



rais, porque ambas cuestións están directamente relacionadas.

UGT rexeita que a Consellería de Sanidade tente derivar o problema exclusivamente á empresa adjudicataria do servizo. É a Administración sanitaria quen define os protocolos, limita os medios e establece o marco de actuación, amparándose en conceptos como a "contención cero" sen ofrecer alternativas reais, seguras e eficaces para protexer a traballadores e pacientes.

Ante esta situación, abriuse un calendario de mobilizacións que arrancou o día 22 no CHUAC, e continuou este 7 de xaneiro fronte ao Sergas. Xa o día 21 de xaneiro as mobilizacións trasladáranse ao CHUS e o 28 de xaneiro fronte á Consellería en Santiago.

UGT-XUSTIZA DENUNCIA DESORGANIZACIÓN NO COMEZO DA ACTIVIDADE DO XULGADO DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER DE SANTIAGO

UGT alerta de falta de medios

Redacción.- O novo Xulgado de violencia sobre a muller de Santiago iniciou a pasada semana a súa actividade entre denuncias sindicais por falta de planificación, carencias materiais e problemas organizativos.. UGT-Xustiza alertou de que o arranque do órgano xudicial produciuse sen as condicións necesarias para garantir un funcionamento adecuado nin unhas condicións de traballo dignas para o persoal.

Desde UGT- Xustiza sinalaron que, tras unha visita ao xulgado á primeira hora o día do seu arranque, constátouse que entre oito e dez funcionarias atopábanse afectadas pola falta de medios. Segundo o sindicato, faltaban mesas e cadeiras e varias aplicacións informáticas non funcionaban correctamente, o que obrigaba ao persoal a “traballar como podía” desde o primeiro

momento.

UGT lembrou ademais que o xulgado creouse como órgano exclusivo de violencia sobre a muller e que a maioría do persoal asignado procede doutras xurisdicións, sen formación nin experiencia previa neste ámbito. A xuízo do sindicato, a ausencia de formación específica, unida á falta de recursos materiais, agrava unha situación especialmente sensible, con posibles consecuencias na atención ás vítimas.

A pesar destas deficiencias denunciadas, o xulgado comezou a súa acti-

vidade con carga de traballo desde o primeiro día, rexistrándose xa actuacións relacionadas con presuntos casos de violencia de xénero. O novo órgano xudicial asumirá, ademais, os asuntos procedentes de varios partidos xudiciais, o que fai prever un elevado volume de traballo desde a súa posta en marcha.



A FUNDACIÓN LUÍS TILVE HOMENAXEA ÓS COMPAÑEIROS DE MARÍN FUSILADOS NO 36

Redacción.- A Fundación despediu o ano facendo Memoria, invitados pola Asociación pola recuperación da memoria histórica de Marín a participar no acto de homenaxe e lembranza ós marinenses vítimas da represión e ós fusilados o 31 de decembro de 1936, entre os que estaban os compañeiros de UGT: Albino Agraso Santamaría (zapateiro), Antonio Blanco Solla (canteiro e alcalde socialista de Marín), Santiago Ramos Ramos (presidente da sociedade de canteiros), Bernardino de la Torre Fernández (albanel), xunto a Armando Iglesias Pérez e Demetrio Lorenzo Ordóñez.

No acto, presentado polo directivo da asociación marinense, Xulio Pardellas, entrevistou o director da Fundación, Guillermo Pérez, quen lembrou a figura do líder uxetista Pablo Iglesias, no centenario do seu falecemento, e a súa presenza en Marín, ata en catro ocasións, na última das cales solucionou un importante conflito laboral, conseguindo a liberación dos folguistas presos e a apertura dos centros obreiros clausurados. Pérez recalcou que a historia sempre é debatable, pero sacar os mortos das cunetas, devolvelos os seus familiares, recoñecer o esforzo de homes e mu-



lheres por defender os valores democráticos, recuperar os seus nomes, está fora de todo debate, entra no campo da xustiza. Non é un tema do pasado, senón do presente, de familias que aínda sofren hoxe. Non é abrir vellas feridas, senón permitir que hoxe por fin se pechen. A verdade, a xustiza, a reparación, as garantías de non repetición non son asunto de po-

lítica, senón de principios e dereitos xerais que nos conciernen a todos.

A homenaxe contou tamén coa intervención da moza Uxía Lubián, que deu lectura a un poema dedicado a Pablo Iglesias Posse, e a actuación musical Zeltia Acuña, rematando cunha ofrenda floral na que participaron familiares das vítimas.